

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA TRECE DE XUÑO DE 2023.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o día trece de xuño de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa en funcións, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras en funcións: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel en substitución do Vicesecretario accidental, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. FOMENTO.- Acórdase a aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento do Circo Romano, electricidade, teatro e seguridade no Arde Lucus 2023.

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a prórroga do contrato dende 26.06.2023 a 25.06.24 e modificación imprevista na contratación dun servizo de control da calidade da auga de consumo humano na saída de depósitos de almacenamento, rede de distribución, billa "grifo" do usuario, fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento, así como control sanitario das piscinas municipais de uso público. exp. ref. 2019-074. (Tecol: 2022/C003/000013).

Acórdase a contratación da representación do circo romano en Arde Lucus 2023. aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade. expte ref. 2023/C005/000005.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac929569998867053295.doc

Asunto: EXTRACTO XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 13-6-2023

Acórdase a desistencia do procedemento por erro na confección do estudo de custos na contratación da execución do programa pedagóxico de apoio á conciliación “aprende xogando” do Concello de Lugo (Concellería de Muller e Igualdade - Servizo de Igualdade) expte ref. 2023/C003/000011.

Tamén se acorda a adxudicación na contrato de subministración en réximen de alugueiro para a instalación dun campamento romano e a realización do programa de actividades para festas do arde lucus 2023 na Praza Maior. exp. ref. 2023/C004/000010.

Así mesmo, acórdase a adxudicación na contratación da actuación do grupo céltica no Arde Lucus 2023. Expte ref. 2023/C005/000004.

Acórdase a adxudicación do lote 1: desbroce en pistas de parroquias na zona norte e este na contratación de servizo de desbroce en pistas en diversas parroquias da zona rural do Concello de Lugo. Expte. ref. 2023/C003/000015.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado en funcións da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.